



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 23 DE OUTUBRO DE 2012.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as trece horas do día vinte e tres de outubro do ano dous mil doce, tivo lugar en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

Non asiste a concelleira Sra. Magallanes Álvarez.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 12 de setembro e 2 de outubro de 2012, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas.

PUNTO 2.- SUBVENCIONS

Vista a Orde do 28 de setembro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesion de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2012, 2013 e 2014, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA solicitar a subvención regulada nesta Orde.

Vistas as Bases Reguladoras do Plan de Investimentos e Gastos Correntes da Deputación de Pontevedra para o ano 2012. A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda aprobar os seguintes investimentos ó abeiro destas bases:

- Humanización da rúa Lugo.
- Construcción de reductores de velocidade en varios puntos do Concello da Guarda.
- Acondicionamento de senda peonil na Guarda.

Vistas as Bases Reguladoras do Plan de Investimentos e Gastos Correntes da Deputación de Pontevedra para o ano 2012. A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

1. Realizar o investimento denominado HUMANIZACIÓN RÚA LUGO.
2. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 146.818,50 euros con cargo ó Plan de investimentos e gastos correntes da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012, sen que haxa achegamento económico por parte do Concello.
3. Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Vistas as Bases Reguladoras do Plan de Investimentos e Gastos Correntes da Deputación de Pontevedra para o ano 2012. A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

1. Realizar o investimento denominado CONSTRUCCION DE REDUCTORES DE VELOCIDADE EN VARIOS PUNTOS DO CONCELLO DA GUARDA.
2. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 36.356,69 euros con cargo ó Plan de investimentos e gastos correntes da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012, sen que haxa achegamento económico por parte do Concello.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3. Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Vistas as Bases Reguladoras do Plan de Investimentos e Gastos Correntes da Deputación de Pontevedra para o ano 2012. A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

1. Realizar o investimento denominado ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL NA GUARDA.
2. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 30.912,53 euros con cargo ó Plan de investimentos e gastos correntes da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012, sen que haxa achegamento económico por parte do Concello.
3. Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Vista a Orde de 26 de setembro de 2012 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración cos entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2012, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA aprobar a prórroga da contratación da axente de emprego e desenvolvemento local e solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a súa contratación.

PUNTO 3.- ACORDOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de SETEMBRO DE 2012 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 5.165 de data 16 de agosto de 2012 presentado por D. F.G.S., con enderezo na Carretera da Gándara, nº 68 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito en Carretera da Gándara, nº 68.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 6.308 de data 4 de outubro de 2012 presentado por D^a. M^a.C.C.M., con enderezo na rúa do Porto, nº 23-1º da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa do Porto, nº 23-1º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 6.507 de data 16 de outubro de 2012, presentado por ACIGU, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4-baixo da Guarda, solicitando autorización para a instalación o día 3 de novembro dunha carpa de 4x10 metros na zona de aparcamento da praza de Avelino Vicente.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado dando conta deste acordo á Policía Local.

Lese o escrito RE 6.508 de data 16 de outubro de 2012, presentado por ACIGU, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4-baixo da Guarda, solicitando que se faga unha un seguimento á venda de flores que se fai no municipio, especialmente na praza de abastos, e asegurando que este comercio se leva a cabo cumprindo estrictamente o sinalado na Ordenanza Municipal Reguladora de Venda Ambulante.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, tal e como se falou coa comisión do sector, o Concello vixiará o cumprimento da legalidade.

Lese o escrito RE 6.282 de data 3 de outubro de 2012, presentado por D^a. ALMUDENA BARBOSA AMEAL, actuando en representación de Dna. CRISTINA ALONSO MARTINEZ, con enderezo na rúa Vicente Sobrino, nº 7-baixo da Guarda, solicitando que se lle emita o recibo de auga correspondente o 3º trimestre de 2012 por unha media ponderada, dado que se produxo unha avaría que foi imposible detectar.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que emita un novo recibo para o 3º trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 6.292 de data 3 de outubro de 2012, presentado por D. IGNACIO SAA GONZÁLEZ, con enderezo na rúa de Porto, nº 13 da Guarda, actuando en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CASTELO DE SANTA CRUZ, e solicitando que se habilite un paso de peóns na estrada do Castro nas proximidades da súa confluencia coa rúa Santo Domingo de Guzmán.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará a súa proposta.

Lese o escrito RE 6.759 de data 23 de outubro de 2012, presentado por DNA. Mª DEL CARMEN GALIÑANES GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Paseo de Portugal, nº 65 da Guarda, actuando no seu nome e no das 340 persoas asinantes dos documentos que xunta, no que solicita que por parte do Concello se tomen as medidas necesarias para evitar os excesos de velocidade na estrada comarcal PO-355 A Guarda- Pasaxe e que se traslade a documentación aportada pola solicitante ao Servizo Provincial de Estradas.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir esta documentación ao Servizo Provincial de Estradas. Ademáis acorda comunicarlle á solicitante que o propio Concello instalará en breve 4 pasos de peóns peraltados nesa estrada.

Dase conta do escrito RE 6.732 de data 22 de outubro de 2012, presentado por DNA. CARMEN Mª CIVIDANES ALVAREZ, con enderezo na rúa Circunvalación, nº 122 da Guarda, comunicando que xa procedeu á limpeza da súa finca sita na 2ª Transv. Bechos.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 6.526 de data 17 de outubro de 2012, presentado por D. AGUSTÍN PORTELA ADROVER, con enderezo na rúa Paseo de Portugal, nº 96 da Guarda, solicitando a reposición da marquesiña no cruce entre o Paseo de Portugal e a rúa de acceso ó Camping.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que está en vías de solución só a expensas de que se resolva a diferenza de valoración coa compañía de seguros.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 4.- ASUNTOS URBANÍSTICOS

Lese o escrito RE 6.109 de data 24 de setembro de 2012, presentado por D. MANUEL GOMÉZ SOUSA, en representación de M&M MOTOR LA GUARDIA, S.L., con enderezo na rúa Manuel Rodríguez Sinde, nº 15-baixo da Guarda, solicitando o desestímulo da instancia nº 5.615 de 05/09/2012 por desestímulo e a devolución da documentación aportada con esta.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao desestímulo e a devolución da documentación aportada.

Dase conta do informe do asesor xurídico do Concello de data 10 de outubro de 2012 relativo á denuncia urbanística plantexada por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de 20 de xullo de 2012 interesando a suspensión das obras iniciadas e incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística e sancionador pola realización de obras sen licenza consistentes en aumento de volume en vivenda fora de ordenación sita na estrada de San Roque.

A Xunta de Goberno Local, de acordo con este informe, ACORDA:

- o Rexeitar a petición formulada polo Sr. Abeleira Cabaleiro con data 20 de xullo de 2012 por falta de lexitimación activa por exercicio abusivo da acción pública.
- o No proceder a incoar expediente de ningunha clase de oficio derivado da denuncia formulada polo sr. Abeleira Cabaleiro en base á inexistencia de infracción denunciada polo mesmo tal e como resulta do informe técnico de 27 de setembro de 2012.

Dase conta do informe do asesor xurídico do Concello de data 10 de outubro de 2012 relativo ás denuncias urbanísticas plantexadas por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro mediante escritos de 25 de xuño de 2008 e 24 de setembro de 2012 interesando a suspensión das obras iniciadas e dar traslado ao conselleiro competente en materia de urbanismo para que adopte as medidas oportunas de reposición da legalidade urbanística e sancionadora pola realización de obras que exceden a licenza consistentes en rehabilitación integral de vivenda fora de ordenación sita na rúa de Galicia, nº 87

A Xunta de Goberno Local, de acordo con este informe, ACORDA:

- o Rexeitar a petición formulada polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escritos de datas 25 de xuño de 2008 e 24 de setembro



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de 2012 por falta de lexitimación activa por exercicio abusivo da acción pública.

- o No proceder a incoar expediente de ningunha clase de oficio derivado da denuncia formulada polo sr. Abeleira Cabaleiro en base á inexistencia de infracción denunciada polo mesmo tal e como resulta das actas de inspección de 20 de setembro e 3 de outubro de 2012.

Dase conta do informe do asesor xurídico do Concello de data 3 de outubro de 2012 referente aos recursos de reposición entablados por D. Rogelio Pereira González e D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de agosto de 2012 polo que se inadmiten as denuncias urbanísticas formuladas por concesión de acta de aliñación, licencias de segregación e de obras para a construción de vivendas unifamiliares nas rúas José Antonio Lomba Camiña e Diego Antonio González a nome da entidade mercantil I e J Lima, S.L.

A Xunta de Goberno Local, de acordo con este informe, ACORDA:

- o Estimar en parte o recurso de reposición formulado por D. Rogelio Pereira contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de agosto de 2012, no sentido de deixar sen efecto o segundo párrafo do acordo polo que se declaraba inadmisíbel a impugnación efectuada mediante escritos de 5 de novembro de 2009 e 21 de outubro de 2011, debendo indicarse no seu lugar que se rexeitan tales escritos dado que a acta de aliñación impugnada de 3 de xuño de 2009 e inexistente por non estar firmada a súa solicitude e a propia acta por todos os interesados, incluído o Sr. Pereira.
- o Rexeitar o recurso de reposición entablado polo Sr. Abeleira Cabaleiro contra o acordo, confirmándoo en todo o demais.

PUNTO 5.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A D^a. MARÍA DEL CARMEN DOS SANTOS SUAREZ, R.E. N^o. 5.654 DE DATA 6 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 2^o TRANSVERSAL DE OS BECHOS N^o. 15 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA PECHE DE PARCELA NUNHA LONXITUDE DE 40 MTS. LINEAIS, REALIZADO CON BLOQUES DE FORMIGÓN (3 FIADAS), TUBOS METÁLICOS E REDE PLASTIFICADA, NA FINCA SITUADA NA RÚA DE 2^o TRANSVERSAL BECHOS N^o. 15, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "BECHOS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

A D. BENITO RODRÍGUEZ SUAREZ, R.E. N^o. 6.158 DE DATA 26 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL N^o. 94 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA PECHE DE PARCELA FRONTAL E LATERAL NUNHA LONXITUDE DE 100 MTS. LINEAIS, REALIZADO CON PEDRA DE PERPIAÑO TOSCO, NA FINCA SITUADA NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL N^o. 94, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O PASAXE" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

Neste momento auséntase da sesión o Sr. Español Otero.

A D. HERMINIO ESPAÑOL OTERO, R.E. N^o. 5.961 DE DATA 20 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1^o TRV. BALIÑOS N^o. 3 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 110,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA ANTIGA POR OUTRA TELLA CERÁMICA DE COR VERMELLA COLOCADA SOBRE RASTRELES, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1^o TRANSVERSAL BALIÑOS N^o. 3, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

Reincorpórase a sesión o Sr. Español Otero.

A D^a. CLARA JULIA ÁLVAREZ ALONSO, R.E. N^o. 6.016 DE DATA 21 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE POZAS N^o. 7 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REFORMA DE SOLEIRA DE FORMIGÓN DE 8 CMS. ARMADO CON MALLAZO 200X300X5MM., REBAIXE DE TERREO, CAPA DE BOVEDILLA DE FORMIGÓN DE 12, LÁMINA DE POLIETILENO E ACABADO PULIDO DE FORMIGÓN NUNHA SUPERFICIE DE 75,00 M²., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE DIEGO ANTONIO GONZÁLEZ N^o. 7, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A D. FERNANDO GONZÁLEZ CRUCES, R.E. Nº. 6.223 DE DATA 1 DE OUTUBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE URGAL Nº. 15 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 96,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR AS CHAPAS DE FIBROCEMENTO; TABLEIRO FORMADO POR VIGUETILLAS PRETENSADAS E RASILLÓN CERÁMICO, AISLAMENTO TÉRMICO DE POLIESTIRENO, CUBERTO CON TELLA MIXTA VERMELLA E INSTALACIÓN DE 3 VENTÁS "VELUX", DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 2º TRV. OUTEIRO Nº. 5, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. MIGUEL ANGEL VILA LÓPEZ, R.E. Nº. 6.196 DE DATA 28 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE REPÚBLICA DOMINICANA Nº. 50-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARACIÓNS NA FACHADA DIANTEIRA DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE OLIVA Nº. 12, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. ANTONIO ALBERTO CASTRO LOMBA, R.E. Nº. 6.015 DE DATA 21 DE SETEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 10-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMA INTERIOR DA VIVENDA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR ALICATADOS E SOLADOS EN BAÑO E COCIÑA SITA NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 10-2º, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 6.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE OBRAS

Lese o escrito RE 6.451 de data 11 de outubro de 2012, presentado por DNA. PAULA OLIVEIRA ORTEGA, con enderezo na rúa Manuel Lomba, nº 18-4ª de A Guarda, solicitando cambio de titularidade da solicitude de licenza para a construción de vivenda unifamiliar na rúa de Sollás, s/n que figuraba a nome de D. Bienvenido Español SOutiño pasando a nome dos compradores Dna. Paula Oliveira Ortega e D. Antonio Rodríguez Rodríguez para o que adxunta escritura de compra.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 7.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A D^a. MARÍA PAZ PACHECO PACHECO, R.E. N^o. 2.241 DE DATA 25 DE ABRIL DE 2011, E CON DOMICILIO NA RÚA DE LAXE GRANDE N^o. 11-1^o DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE "GARAXE" DESARROLLADO EN (PLANTA SEMISOTO) SITO NA RÚA DE 8^o TRANSVERSAL SOLANAS, S/N., EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO".

ANTES DO COMEZO DAS OBRAS DEBERÁ APORTAR O PROXECTO DE EXECUCIÓN VISADO POLO COLEXIO PROFESIONAL, CONFORME ESTABLECE O RD 1000/2010.

A D. RUBÉN BENAVIDES GONZÁLEZ, R.E. N^o. 3.632 DE DATA 8 DE XUÑO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3^o TRANSVERSAL DE A CRUZ N^o. 1 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA SEMISOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA AVENIDA DE BUXÁN N^o. 10, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

A D. SANTIAGO PORTELA ALONSO, R.E. N^o. 1.157 DE DATA 5 DE MARZO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 2^o TRANSVERSAL PORTELA-AMÓ N^o. 5 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA SOTO E PLANTA BAIXA), SITA NA RÚA DE 4^o TRANSVERSAL DE A CRUZ-BARRANTES, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N^o. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

A D. JOSÉ LUIS LOMBA RODRÍGUEZ E D^a. MARÍA BEGOÑA GOYÁS MARIÑO, R.E. N^o. 381 DE DATA 25 DE XANEIRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN N^o. 26-1^o EZQ. DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NO LUGAR DE PAPOLADAS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "FONTEQUENTE" (ORDENANZA N^o. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

A D^a. PAULA OLIVEIRA ORTEGA E D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, R.E. N^o. 2.462 DE DATA 27 DE ABRIL DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MANUEL LOMBA N^o. 18-4^o A DE A GUARDA-C.P.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA SEMISOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE SOLLÁS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “BAIXADA Á PRAIA DO MUIÑO” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

ANTES DO COMEZO DAS OBRAS DEBERÁ APORTAR O PROXECTO DE EXECUCIÓN VISADO POLO COLEXIO PROFESIONAL, CONFORME ESTABLECE O RD 1000/2010.

A D^a. MARÍA DEL CARMEN VIDEIRA CASTRO, R.E. Nº. 2.405 DE DATA 25 DE ABRIL DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE OLIVA Nº. 84 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA “REHABILITACIÓN INTEGRAL DE VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA E PLANTA BAIXO CUBERTA) SITA NA RÚA DE PUERTO RICO Nº. 28, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 3 DO P.X.O.U.) “EDIFICACIÓN MIXTA”.

ANTES DO COMEZO DAS OBRAS DEBERÁ APORTAR O PROXECTO DE EXECUCIÓN VISADO, E DEBERÁ AXUSTARSE ÓS CONDICIONADOS IMPOSTOS NA AUTORIZACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO.

A D^a. MARÍA LUISA VICENTE VERDE E D. JOSÉ MANUEL BAZ ALONSO, R.E. Nº. 4.093 DE DATA 27 DE XUÑO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE COUTO Nº. 11 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA “REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA) SITA NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 31, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

ANTES DO COMEZO DAS OBRAS DEBERÁ APORTAR O PROXECTO DE EXECUCIÓN VISADO POLO COLEXIO PROFESIONAL, CONFORME ESTABLECE O RD 1000/2010.

PUNTO 8.- ARQUIVO DE EXPEDIENTE

Lese o escrito RE 6.289 de data 3 de outubro de 2012, presentado por DNA. MANUELA DIAZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Urgal, nº 15 do Rosal, solicitando o arquivo do expediente iniciado mediante instancia con RE núm. 5.754



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de 11.09.2012 de licenzia de obras para a ampliación e reforma da cuberta da vivenda sita no número 5 da rúa 2ª Trav. Outeiro-Camposancos.

A Xunta de Goberno local acorda que se proceda ao arquivo de dito expediente.

PUNTO 9.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por D. MIGUEL RODRÍGUEZ CADILLA (RE 4.795 de 26/07/2012) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE INSTRUMENTOS DE MÚSICA E COMPLEMENTOS (EPIG. 657.1) situado na rúa de Galicia, nº 10-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. MIGUEL RODRÍGUEZ CADILLA licenzia municipal nº 21/2012 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE INSTRUMENTOS DE MÚSICA E COMPLEMENTOS (Epíg. 657.1) situado na rúa de Galicia, nº 10-baixo.

PUNTO 10.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenzia municipal promovida por Dª. DOLORES OTERO ALONSO (RE 4.944 de 02.08.2012), para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Joaquín Alonso, nº 7-baixo que antes figuraba a nome de Dª. Mª Eva Vicente Sobrino.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a Dª. DOLORES OTERO ALONSO cambio de titularidade na licenzia municipal que antes figuraba a nome de Dª. Mª. Eva Vicente Sobrino para o local dedicado a actividade de CAFÉ - BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Julian Alonso, nº 7-baixo de A Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D. RUBEN CASTRO CIVIDANES (RE 5.203 de 20.08.2012), para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Epig. 671.5) sito na rúa de Alfonso Martínez Peniza, nº 2-baixo que antes figuraba a nome de D. Manuel Alvarez Lomba.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

Conceder a D. RUBEN CASTRO CIVIDANES cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de D. Manuel Alvarez Lomba para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Epig. 671.5) sito na rúa de Alfonso Martínez Peniza, nº 2-baixo de A Guarda.

Sendo as catorce horas do día da data, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.